

POLO EXERCICIO EN LIBERDADE DAS COMPETENCIAS DE DIÁLOGO DO LEHENDAKARI DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE EUSKADI

Diante do proceso xudicial aberto en Euskadi de encausamento do Lehendakari Juan José Ibarretxe como suposto cómplice dun delito de colaboración en actos de enalteción da violencia, queremos expresar o noso rexeitamento absoluto, nido e rotundo. Consideramos que este tipo de actuacións constitúen un elemento máis do proceso de intrusismo político que unha parte da maxistratura ten enarbolado contra o exercicio en liberdade das competencias de diálogo do Lehendakari.

Ibarretxe, como representante lexítimo da cidadanía vasca -elixido democráticamente- ten pleno dereito e debe exercer as súas capacidades mediadoras como interlocutor no conflito político en Euskadi. Deste modo, entendemos que os últimos acontecementos protagonizados pola maxistratura tan só contribúen a tensionar o actual clima de negociación política, convertindo o estado de dereito nun verdadeiro estado de asedio penal contra as liberdades e dereitos colectivos en Euskadi, representados nas máximas institucións públicas, neste caso polo representante maior do pobo vasco, o Lehendakari.

Esta decisión xudicial lonxe de contribuir ao proceso de negociación aberto protagonizado pola maioría das forzas políticas democráticas de Euskadi, constitúe un elemento máis que afortala o estado de crispación e de hostilidade social no conxunto da sociedade vasca e, en última instancia, aumenta o profundo descrédito e o paulatino desgaste que están a sufrir as institucións públicas, en concreto o poder xudicial como promotor desta deturpación dos máis elementais dereitos e liberdades do pobo vasco e os seus representantes.

Dende a dimensión ampla da esquerda e do nacionalismo na Galiza queremos expresar unha mensaxe inequívoca de solidariedade e fraternidade co Lehendakari Ibarretxe e o pobo de Euskadi que lexitimamente representa. Ao noso entender, a actuación xudicial contra el supón tamén, unha agresión contra o exercicio dos dereitos colectivos da cidadanía vasca no seu conxunto na procura das súas esperanzas de paz e liberdade.

Esiximos dos poderes do Estado –nomeadamente da maxistratura- un cesamento das accións de intrusismo xudicial e unha despenalización absoluta do exercicio libre das competencias mediadoras do Lehendakari, que contribúa a ensanchar camiños de entendemento político entre os distintos interlocutores sociais e políticos e que non dificulte o proceso de paz sen retorno iniciado pola cidadanía de Euskadi en harmonía co goberno e as institucións vascas no seu conxunto.

Galiza, 31 de outubro de 2007.

Xosé Manuel Beiras Torrado.
Portavoz Nacional do Encontro Irmandiño.